

Testemuña duns comezos.
Actos conmemorativos do corenta aniversario da
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC
Santiago de Compostela, 4 de abril de 2008

LUIS SUÁREZ-LLANOS GÓMEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Preséntome ante vós requirido como testemuña dunha época para contar algunhas cousas. Naturalmente, voume dirixir a quen hai corenta anos estaban comigo por estes arrabaldes e moitas das cousas que vou contar son sobradamente coñecidas por eles, aínda que outras, se cadra, non; pero tamén me vou dirixir aos que naqueles anos aínda non naceran e que hoxe están aquí –que algún haberá– ou que aínda non adquiriran o uso de razón como, sen ir máis lonxe, a decana ou a vice-reitora. Se cadra, o que lles vou contar sérvelles para reafirmar algo que oíron ou quen sabe se para algo máis. A celebración do corenta aniversario da posta en funcionamento da Facultade pode ser un bo pretexto para isto, aínda que vos anticipo dúas cousas: a primeira, que o que vou relatar supera un pouco o curso académico cuxo aniversario se celebra para proxectarse, en realidade, sobre o tempo durante o cal deambularon pola Facultade os integrantes da súa primeira promoción; e a segunda, que non vou falar da evolución da Facultade nos seus trinta e cinco anos restantes nin do seu estado actual. Deixo todo iso, se cadra, para unha mellor ocasión.

Empezarei advertindo que eu non estaba na Facultade no seu primeiro ano de funcionamento. A miña memoria sobre ese período é, polo tanto, de segunda man, porque eu me incorporei por traslado desde Málaga no ano 1968, cando ía comezar o seu segundo curso, aínda que, por evidente interese persoal, seguí moi de preto os avatares da creación na nosa Universidade no mes de decembro do ano 1966 da Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais (Sección de Económicas), que así se chamaba. E entre estes avatares lembro a polémica xurdida sobre a súa localización, coa pugna entre as cidades de Santiago de Compostela e da Coruña. Por que esta pugna? Pois porque a historia da localización en España das facultades de económicas viña a alentala. Despois das dúas primeiras facultades de Madrid e de Barcelona, creáronse a terceira na Universidade de Valladolid –aínda que se emprazou en Bilbao– e a cuarta na Universidade de Granada –aínda que se emprazou en Málaga–. Máis que razóns ligadas á conveniencia dos “complexos universitarios” e á oportunidade da “interdisciplinabilidade”, parecía predominar a política de situar as novas facultades de economía en lugares onde funcionaran historicamente escolas de altos estudos mercantís. Pero o certo é que a tendencia se rompeu, precisamente, coa creación da quinta e da sexta facultades, que se empra-

zaron, respectivamente, en Santiago de Compostela e en Valencia. O reitor Echeverri foi un motivador importante da decisión final do Ministerio e, probablemente, a el se deba en boa medida que esta casa comezara a funcionar –mal que ben– na nosa cidade. Engadirei, porque me parece de xustiza lembralo –ou, aínda mellor, dalo a coñecer–, que houbo quen estivo disposto a colaborar economicamente para que a Facultade se instalara en Santiago. Así, Feliciano Barrera, propietario de *El Correo Gallego*, puxo a disposición da Facultade unha importante cantidade de diñeiro, e teño que dicir que unha parte desa cantidade eu puiden investila, posteriormente, na colección de arte que hoxe se atopa no edificio da Facultade.

Como moitos lembrarán, o seu primeiro curso desenvolveuse entre as paredes da Facultade de Dereito, en sesións de tarde, e pertencendo a maioría do seu profesorado tamén á Facultade de Dereito, xa que a nosa Facultade naceu sen profesorado propio e sen instalacións. Así se facían as cousas daquela (e deixádeme abrir unha paréntese para dicirvos que a Lei de creación das facultades de Santiago e de Valencia contiña un artigo –o 3– que expresamente dispoñía que “*a implantación das novas ensinanzas se realizará progresivamente dos cursos inferiores aos superiores a medida que se doten as cátedras necesarias e unha vez que as instalacións materiais se realicen*”; claro que a Lei levaba data de 28 de decembro de 1966, isto é, o día dos inocentes). Deron clase nese primeiro curso o decano da Facultade de Dereito, García Garrido, que era catedrático de Dereito Romano, para a materia de Dereito Civil; Francisco Puy Muñoz, que era catedrático de Filosofía do Dereito, para a materia de Principios de Filosofía; José Antonio González Casanova, que era catedrático de Dereito Político, para a materia de Fundamentos de Socioloxía; e Carlos Otero Díaz, que era catedrático de Economía e Facenda Pública, para a materia de Teoría Económica I. Da Facultade de Filosofía e Letras botouse man para a materia de Historia Económica Mundial e de España, recaendo o encargo do curso en Antonio Eiras Roel, que era catedrático de Historia Moderna, e á Facultade de Ciencias (Sección Matemáticas) acudiuse para encargarlle a Antonio Valle, grazas a Deus catedrático de Análise Matemática, a materia de Análise Matemática (José Carlos de Miguel podería contarnos moitas cousas sobre estes momentos porque el figuraba no equipo dos “analistas matemáticos” e porque, en realidade, el é o que está verdadeiramente en posesión dunha memoria de primeira man sobre eses momentos e non porque sexa o máis vello –condición que non me pode quitar– senón porque é o máis antigo dos profesores que tivo a Facultade). Ao bo e querido amigo Carlos Otero Díaz –desgraciadamente falecido hai pouco– encomendóuselle o goberno da nacente Facultade e nomeóuselle decano-comisario para poñelo á súa fronte, e foi o propio Otero Díaz quen designou como secretario a Juan Ramón Cuadrado Roura, que foi o único dos nomeados, xunto con José Carlos de Miguel, que proxectou con posterioridade a súa carreira docente no ámbito das facultades de Economía. Paréceme que tamén foi el o que contratou os servizos de Conchita Sanseveriano como secretaria do Decanato, e esta entrañable persoa participou durante moito tempo e moi activamente nas tarefas da Facultade ata que, anos máis tarde, Juan Ramón Quintás tivo a ditosa ocorrencia de fichala para Caixa Galicia.

Creada a Facultade, atopouse desde o principio inmersa nun movemento universitario dunha certa importancia que desde pouco tempo antes viña conformándose como opositor de arcaicas estruturas e como motivador de parcelas cada vez máis consistentes de liberdade nos ámbitos cultural, académico e político. Lembremos que no mes de abril do ano 1967, meses antes, polo tanto, de iniciar a Facultade o seu funcionamento, tivera lugar en Santiago un acontecemento singular que ía alcanzar unha repercusión seguramente non prevista polos organizadores do acto. Refírome ao recital do cantante Raimón no Estadio Universitario ante uns miles estudantes, que parece que conseguiu espertar a conciencia cidadá con respecto á contestación do sistema imperante e, en particular, sensibilizou a moitos sectores da intelectualidade galega con respecto á utilización da literatura e da canción como vehículos de expresión dos principais desacougos daquela latentes. Por certo, vistas hoxe algunhas fotografías do acto na exposición que tivo lugar ata o día de onte no Pazo de Fonseca baixo o expresivo título “*Do Gaudeamus Igitur ao Venceremos Nós*”, un se pregunta como desde un escenario tan chapuceiro, cunha pobre tarima, cunha pobre cadeira e cun micrófono, se puido alcanzar tamaña repercusión, porque o certo é que aquela actuación provocou moitas cousas, pero de modo directo o nacemento –exactamente un ano máis tarde, xustamente no mes de abril de hai corenta anos– do coñecido movemento da *Nova Canción Galega*, que naceu a remolque da xa existente *Nova Canción Catalana* (co propio Raimón e con Joan Manuel Serrat) e que anticipou o nacemento un mes máis tarde –no mes de maio do ano 1968– do grupo *Voces Ceibes*, con Benedicto –alumno, por certo, da Facultade–, Xavier, Guillermo Rojo, Xerardo Moscoso e Vicente Araguas, entre outros.

Viña fraguándose desde aquela –dicía– o desacougo social, estudantil e tamén obreiro que, en certo modo, ía anticipar o maio francés do 68, con fortes compoñentes culturais pero tamén cunha decisiva influencia da esquerda política representada polo Partido Comunista que alentaba, con sistemática precisión, particulares reivindicacións estudantís asentadas en motivacións inescusables de liberdade de asociación (lembremos as asembleas contra a obrigatoria pertenza ao SEU, por exemplo) e na busca de fórmulas para exercer o dereito a participar na toma das decisións universitarias e que, mediante unha estratexia perfectamente deseñada de provocación de paros e de asembleas de Facultade, con interrupcións da actividade académica, conseguían espertar, polo mecanismo de acción e reacción, fortes medidas represivas e disciplinarias cada vez máis carentes de lexitimación e de sentido. Lembremos que, precisamente hai agora corenta anos, nos meses de marzo e de abril, as asembleas, os paros, os encerros e os peches da Universidade estiveron á orde do día e, coma quen non quere a cousa, produciuse desde a destitución do decano Ocón, na Facultade de Ciencias, ata o peche da Universidade e o cesamento do propio Echeverri como reitor dela. Pero é que en Madrid, onde os acontecementos tamén foron subidos de ton, se produciu ata o cesamento do Ministerio de Educación, co ministro Lora Tamayo á cabeza e co nomeamento, para substituílo, de José Luis Villar Palasí. En Málaga, a verdade, pasamos do asasinato de Martin

Luther King, hai hoxe exactamente corenta anos, ao de Robert Kennedy uns meses máis tarde, e creo que lle formulamos algunha contestación ao gobernador civil non lembro ben por que parvada.

Dicía que a Facultade iniciaba a súa andaina neste contexto, e non estará de máis lembrar que entre os líderes estudiantís protagonistas daquelas asembleas, paros e encerros figuraban alumnos do seu primeiro curso como Pérez Touriño (que segundo me contan era delegado de curso), Marisa Melón ou Federico Ordax, entre os significados; pero o que agora me interesa destacar non é este feito singular senón o dato de que, ao meu xuízo, a Facultade se viu impregnada dese espírito inconformista reinante; e esa impregnación, co paso do tempo, viuse favorecida non só pola propia natureza das ciencias sociais “particulares” que de modo crítico —e ás veces, se cadra, con algúns fondos ideolóxicos interesados— formaban parte do contido das súas materias senón tamén pola actitude cívica e intelectual de moitos dos profesores que, a medida que a Facultade ía avanzando, ían incorporándose ás súas tarefas. Moitas veces pensei que non se pode entender o desenvolvemento da Facultade nos seus primeiros anos sen esta particular pegada que, evidentemente, ía supoñer para ela o feito de ser cualificada de “roxa” e de insubmisión coa orde académica establecida. Creo que esa pegada tamén se proxectou sobre os anos sucesivos, e paréceme oportuno sinalar que, ao meu xuízo, non tería explicación noutra causa o feito de que unha parte moi importante da clase dirixente política galega dos nosos días, dun signo e doutro, tivera na Facultade o seu lugar de formación e de experimentación. Por no citar senón aos máis coñecidos, podemos citar, entre os de orixe profesoral, a Xosé Manuel Beiras, a Juan Ramón Quintás e a José María Riobóo e, entre os alumnos, ao xa citado Emilio Pérez Touriño, a Fernando González Laxe, a Dolores Villarino, a José Ramón Fernández Antonio, a Abel Caballero e a Camilo Nogueira.

Cando eu me incorporo á Facultade (no mes de outubro do ano 1968), esta está provisionalmente instalada no Burgo das Nacións e preparada para iniciar o seu segundo curso da licenciatura. O profesorado que actuara durante o primeiro curso continuou —coa excepción de García Garrido, que acababa de ser nomeado reitor en substitución de Echeverri— e incorporámonos como docentes eu mesmo, como único catedrático propio da Facultade, Xosé Manuel Beiras, como encargado de Estrutura Económica, e o desaparecido Álvaro Castillo, acabado de chegar a Santiago como encargado de Historia Económica en substitución de Eiras Roel. José Antonio Casanova pasou a desempeñar a docencia de Teoría do Estado e José Caamaño, tamén da Facultade de Dereito, fíxose cargo de Socioloxía.

Eu non gardo específicos recordos da Facultade durante ese ano que merezan ser contados —ocupábame da administración xeral da Universidade que, daquela, aínda non estaba profesionalizada—, agás o primeiro contacto coas molestias do barracón central do Burgo das Nacións para impartir docencia. Pero teño que dicir que a finais dese segundo curso a miña tranquilidade se fixo anacos porque me vin convertido no seu decano con todos os problemas que o cargo entrañaba e dos que

tiña algún coñecemento. Non podo deixar de lembrar que a min tamén me tocara actuar de Santa Teresa e fundar en Málaga unha Facultade de igual porte, e que xa colaborara alí para solucionar problemas de instalación e de profesorado, pero cando menos éramos cinco os catedráticos numerarios da Facultade os que nos repartíamos os papeis para buscar esas solucións. Pero aquí, como profesores “propios” da Facultade e realmente interesados, polo tanto, nela, só estábamos no segundo curso Xosé Manuel Beiras, Álvaro Castillo e mais eu, e deles, só eu tiña resolto os problemas académicos, porque os outros dous tiñan que afrontar a medio prazo unhas complicadas e incertas oposicións a cátedra, tan incertas que Xosé Manuel si puido obter a súa no ano 1971, pero Álvaro Castillo non.

Os problemas que se presentaban na nacente Facultade eran singularmente importantes, pero creo que dous deles se levaban a palma: o profesorado e o edificio. Permítanme que lles lembre algúns datos.

♦ *Sobre o primeiro problema, isto é, sobre o profesorado.* Na complexa licenciatura da Facultade figuraban materias cunhas esixencias de ensinanzas especializadas das que os centros da Universidade de Santiago carecían de persoal profesionalmente preparado. Refírome ás materias cruciais de Teoría Económica, Estrutura Económica, Política Económica, Econometría e Pensamento Económico, polo que respecta á columna vertebral da licenciatura en Economía Xeral, e ás de Contabilidade e Economía da Empresa, no relativo á –daquela– tímida especialidade de Empresa. Para a cobertura destas prazas non se podía contar no curto prazo coa figura do catedrático e como a posta en funcionamento da Facultade xa se realizara, como acabo de lembrar, sen contar previamente co profesorado propio, había necesariamente que proceder ao nomeamento como encargados de cursos de persoas capacitadas, á vez que se cumpría co día a día da cobertura docente.

Para a incipiente –aínda que máis ben diría case inexistente– especialidade de Empresa que figuraba no plan de estudos daquela en vigor, puido contarse coa colaboración do profesorado da Escola de Comercio da Coruña, e teño que dicir que, malia o protagonismo desta Escola naquela loita inicial por conseguir o establecemento da Facultade na Coruña, a súa colaboración e a da súa xente para que funcionase a Facultade de Santiago foi absolutamente leal e xenerosa, e durou moito tempo, ata que alá polos anos 1973 e 1974, no Decanato de Pena Trapero e xa cun novo plan de estudos, uns estreitos colaboradores do desaparecido profesor Andrés Suárez –vello e querido amigo, a quen tivera o atrevemento uns anos antes de ofrecerlle un posto docente na Facultade, e que anos máis tarde ía ser nomeado *Doutor Honoris Causa* por esta Universidade a proposta da Facultade– incorporáronse a ela para organizar e impartir esa docencia. Agora só quero lembrar aquí a aqueles primeiros colaboradores procedentes da Escola da Coruña: Serafín Vázquez Costa e Emilio López Castro –desgraciadamente, tamén desaparecido– para as materias de Contabilidade Xeral e de Contabilidade Financeira e de Sociedades, e Emilio Doldán, para a materia de Economía da Empresa.

Para a especialidade de Economía Xeral tiven a oportunidade de participar persoalmente na “fichaxe” de Juan Ramón Quintás Seoane para que impartira a do-

cencia da materia Teoría Económica, e de contar coas incorporacións de Pérez Vilarriño –acabado de chegar de Lovaina– para impartir Socioloxía, de Alfonso Carbajo –cos seus estudos de doutoramento na Universidade de Chicago– para impartir Teoría Macroeconómica, e con Juan Muñoz –procedente do Departamento de Juan Velarde Fuertes e un dos compoñentes da firma *Arturo López Muñoz*, colaboradora da revista *Triunfo*– para que compartira con Xosé Manuel Beiras a docencia da materia de Estrutura Económica. Aínda lembro unha viaxe a Madrid con Xosé Manuel Beiras para convencer a estes dous profesores de que viñeran a Santiago e a longa conversación que tiveron que manter con Luis Ángel Rojo para que non se opuxera ao traslado a Santiago de Alfonso Carbajo que, por certo e antes de marcharse moi posteriormente a Madrid para facer e para gañar as oposicións de Técnico Comercial do Estado, chegou a crear no seu piso alugado de San Roque unha certa “*escuela crítico-festiva sanroqueña*” da que Pedro Arias e Miguel Cancio saben moitísimo máis ca min, e creo que Miguel está disposto a contárnolo. E tamén lembro –perdoádeme se exclúo a alguén, pero a memoria dun “emérito” é manifestamente mellorable– as incorporacións de Alfredo Goyanes, de Mari Carmen Guisán, de José María Riobóo –que, como alumno, me padecera como profesor na Facultade de Málaga–, de José Antonio López Taboada, de Agustín García Ramos, de López-Suevos e de Pancho Candela, por citar só aos incorporados naquela época e que aínda permanecen na Facultade. Tamén lembro, naturalmente, as incorporacións dos catedráticos José Castillo, de Socioloxía, e de Pena Trapero, de Econometría, ao obter no ano 1971 as oposicións que estaban convocadas había tempo, e a presenza na Facultade para impartir docencia dos catedráticos chegados á Facultade de Dereito: José Cabrera Bazán, de Dereito do Traballo (no ano 1970), e de Álvaro Rodríguez Bereijo, de Dereito Financeiro e Tributario (no ano 1971), que despois foi presidente do Tribunal Constitucional.

Pero ademais destas accións puntuais de contratación de profesorado, deseñárase unha actuación de máis amplo alcance en liña coa política de recuperación de cerebros que no noso país se espertara logo da publicación da Lei xeral de educación do ano 1970. Sabía da presenza no estranxeiro –singularmente en EE.UU. pero tamén en Alemaña– de xente valiosa que, coma no caso de Alfonso Carbajo, realizaran alí o seu doutoramento e que se contaran con facilidades estarían dispostos a retornar e a realizar o seu traballo profesional en España. Pensemos que algúns anos máis tarde a Facultade de Económicas da Universidade Autónoma de Barcelona conseguiu organizar un grupo de profesionais –os *minessotos*– e facer descansar sobre eles unha boa parte da actividade docente. Pois ben, coa colaboración de Alfonso, eu chegara a iniciar contactos con algunha desta xente, como Ernesto Lluch –daquela no Banco Mundial–, co coruñés Manuel Guitián –que iniciaba a súa andaina no Fondo Monetario Internacional– e con Art Tredway –que era profesor de Economía na Universidade North Western de Chicago–. Os dous primeiros chegaron a estar na Facultade como conferenciantes. O terceiro mesmo anos máis tarde foi “encargado de cátedra” de Teoría, creo que durante un par de cursos.

Eles e algúns outros estaban dispostos, en principio, a virse a Santiago pero, claro está, o problema fundamental que se presentaba era o do seu financiamento, e coa Universidade non se podía contar para iso. Había que contar coa sociedade. De que forma? Ocorréusenos formularlles ás Caixas de Aforro de Galicia –que daquela eran sete: A Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Vigo– que patrocinaran un Instituto Universitario de Investigación Económica con dúas seccións: unha de pura investigación *teórica*, cuxo persoal tería unha directa e plena proxección docente na Facultade (porque esta lle proporcionaría ao investigador contratado do Instituto a oportuna cobertura académica profesoral) e outra de investigación *aplicada*, organizada tamén como “servizo de estudos das propias Caixas de Aforro” e que tería ao seu cargo a elaboración de proxectos de especial significación para Galicia.

O esquema esbozado foi aprobado pola nosa Xunta de Facultade e, o que é máis importante, foi aprobado con absoluta e aberta xenerosidade orzamentaria pola Federación das Caixas de Aforro de Galicia, que presidía o presidente da de Santiago, o profesor D. Manuel Lucas Álvarez. Á reunión, que tivo lugar no Hostal dos Reis Católicos o día 29 de decembro de 1971, asistiron os directores xerais das citadas Caixas e a aprobación só quedou supeditada á ratificación do acordo polos consellos de administración das respectivas Caixas (acontecemento que practicamente era formal) e ao visto e prace posterior do Banco de España. Ignoro se esta toma de contacto co proxecto polo Banco de España tivo lugar, porque a verdade é que a propia autoridade suprema universitaria, isto é, a reitoría (e hoxe non estou seguro de se foi nas semanas finais de García Garrido ou nas primeiras do reitor Masaguer) se encargou meses máis tarde de rexeitalo porque o proxecto, como procedente da Facultade de Económicas, “*olía a puro rojerío*”. Non estou esaxerando nin agachando razóns do rexeitamento. Pode parecer increíble, pero é verdade.

Por que se puido producir esta decisión? Seguramente porque ao mes de terse tomado polas Caixas aquel transcendental acordo, as relacións da Facultade coa reitoría e as miñas persoais co reitor fóranse ao garete como consecuencia dunha discrepancia radical coa política represiva que se estaba practicando na Universidade. Nunha azarosa Xunta de Goberno da Universidade, que tivo lugar o día 9 de febreiro de 1972 –a cuarta en menos de quince días–, eu presenteí a miña dimisión irrevogable como decano e xa non puideron saber máis do asunto nos meses sucesivos, que tamén foron os que durou o reitor no seu cargo porque foi elevado a fins dese curso ao olimpo da Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Educación e foi substituído por José Ramón Masaguer, que tamén foi elevado ao rango de director xeral de Ordenación Educativa, no Ministerio de Educación, ao ano e medio da súa toma de posesión e que tamén como reitor se dedicou a perseguir ao novo decano da Facultade –o meu substituto e o meu querido amigo o profesor José Castillo–, entre outras cousas pintorescas –e creo que non me deixará mentir– porque, segundo o reitor, non se controlaba eficazmente o servizo de reprodución da Facultade onde ás veces se imprimían follas de contido subversivo malia o bo facer do bedel –ex garda civil– encargado. E aínda que estou superando nuns meses o ámbi-

to temporal que me fixara ao principio da miña intervención, teño que dicirvos que as cousas chegaron a tal punto que Castillo –seguramente, se cadra, en compañía doutras razóns– se viu forzado a buscar a mellor fórmula para zafarse do Decanato e para iso solicitou, ao finalizar ese curso académico, o traslado á recentemente creada Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Sevilla. E unha vez obtida a cátedra por concurso de méritos e cuberta en Santiago a praza vacante do Decanato por Pena Traperero, José Castillo renunciou á súa toma de posesión en Sevilla e continuou en Santiago dando as súas clases como desde o principio viña facendo. E aquí paz e despois gloria.

♦ *Sobre o segundo problema, isto é, sobre o edificio.* Sobre o edificio, gustárame comentar só unha cousa aínda que ao facelo traspase tamén un pouco a barreira dos cinco primeiros anos da Facultade que me fixara. A Facultade padeceu durante ese quinquenio tres traslados da súa sede: o primeiro, desde a Facultade de Dereito ao Burgo das Nacións; o segundo, desde o Burgo das Nacións ao pavillón de aulas da daquela en construción nova Facultade de Farmacia no Campus Sur; e o terceiro, desde o dito pavillón ao Pazo de Fonseca, onde ocupamos aulas e laboratorios convertidos en aulas. Non gañamos nada con este terceiro traslado en novas e decentes instalacións pero, cando menos, gañamos moito en emprazamento (aínda que, se cadra, nos atopábase demasiado preto da Policía Nacional e da Garda Civil). Pero antes destes dous últimos traslados, eu recibira autorización para contactar cun arquitecto e elevar ao Ministerio o proxecto de construción dun novo edificio. E fíxeno, e o proxecto redactouse e entregóuselle ao Ministerio a mediados do ano 1971. Lembro que antes de comezar a redacción do proxecto, esta dilataouse porque houbo que determinar o lugar de emprazamento do edificio. Inicialmente se tiña previsto que fora na ladeira que hoxe ocupa o edificio da Facultade de Bioloxía, pero ese emprazamento foi xulgado improcedente polo Ministerio porque concentraba no Campus Sur as Facultades de Dereito e de Económicas e a experiencia madrileña –que daquela decidira trasladar a Facultade de Económicas desde “Galerías Castañeda”, na cidade universitaria, ao lado da Facultade de Dereito, ata o Campus de Somosaguas– non o aconsellaba. Laureano López Rodó foi quen propuxo o emprazamento que hoxe ocupamos en terreos que non lembro se eran do Instituto da Vivenda ou da Organización Sindical. E aquí se construíu, como non podía ser doutra maneira.

Adxudicouse a construción e empezou a executarse cando eu xa deixara de ser decano, aínda que se rematou e se entregou cando volvín exercer como decano no ano 1975. Si podo dicir que cando se redactou o proxecto, o Ministerio decidira separar a súa redacción da fase de dirección de obra, que se facía recaer nun servizo *ad hoc* en cada Universidade, e como consecuencia desta separación o arquitecto redactor do proxecto –Desiderio Pernas, de Vigo–, sabedor de que non ía ter a oportunidade de introducir cambio ningún na fase de dirección de obra, extremou a súa atención e dedicación ao proxecto e propúxose definir desde o primeiro instante os diversos aspectos do edificio que se ía construír sen a súa intervención, mes-

mo os máis nimios e, dun modo particular, o referente aos materiais que ían ser empregados tanto no interior coma no exterior. Só por citar uns exemplos, direivos que o exterior do edificio figuraba revestido de granito do Porriño nas súas dúas variantes –albeiro e rosa queimado–, que as aulas de tipo anfiteatro ían revestidas de ladrillos cerámicos “cara vista” de alta calidade, que os pavimentos do *hall* e da cafetería eran de “terrazo” de categoría moi superior aos actuais e que os tres bloques destas tres aulas en anfiteatro aparecían revestidos con pranchas ou placas de cobre para que adquiriran co tempo o verdete correspondente ao paso dos anos. Así foi enviado o proxecto ao Ministerio, así foi aprobado por este e así foi sacado a concurso. Adxudicóuselle á empresa Huarte, que se presentou cunha baixa que, naquela época, alguén cualificou como practicamente temeraria. E a empresa adxudicataria reformulou o edificio sobre o terreo..., pero non fixo máis. Solicitou de forma inmediata unha revisión do proxecto que se ía executar alegando problemas técnicos coa estrutura de ferro proxectada. Tanto o arquitecto autor do proxecto coma o arquitecto xefe da unidade técnica da Universidade –Arturo Zas–, encargado da dirección da obra, mantivéronse firmes nas súas posicións e non aceptaron introducir modificación ningunha, pero malia iso, e ao cabo de bastante tempo, o Ministerio accedeu a que a obra se executase cun orzamento diferente, mesmo superior ao que servira de base para o concurso, cunha importante substitución dos materiais construtivos previstos e cunha limitación da obra por executar porque quedaba fóra dela a parte do bloque de departamentos que anos máis tarde, grazas a unha inspiradísima decisión arquitectónica, se levou a cabo facendo caso omiso do proxecto orixinal redactado e co espanto de obra –desde o meu punto de vista– que hoxe pode contemplarse. Pero isto ocorría nun período de tempo posterior ao que eu quería referirme e por iso ídesme permitir que o glosario correspondente o deixe para outra mellor ocasión.

Queridos amigos, vou terminar, aínda que confeso que me gustaría continuar contando e, sobre todo, valorando a evolución que seguiu a Facultade durante os anos sucesivos, nos que durante algúns deses anos, como antes indiquei –desde o ano 1975 ata o ano 1980–, volvíñ ter un certo protagonismo como decano en funcións por ser o catedrático máis antigo. Pero estas son outras historias nas que probablemente o número dos desconsolos supere as morriñas que hoxe estou relatando. Porque no meu sentir creo que os recordos positivos predominan sobre os negativos no que se refire a este período inicial que tomei como referencia. Creo sinceramente que foron uns anos nos que a Facultade, conflitiva e case sempre mal comprendida, foi un exemplo de convivencia, de tolerancia e de civilización. Posiblemente tivera algo que ver niso a cohesión, a camaradería, o constante loitar en común e o bo ambiente que reinaba entre o profesorado da Facultade. A existencia de dificultades e o afán por superalas uníanos e provocaba accións comúns de defensa cando detectábamos agresións inxustificadas ou simplemente indiferenza ante situacións que era necesario modificar. E teño que dicir que estas circunstancias me foron abertamente favorables no desempeño do meu posto no Decanato neses anos iniciais e que motivaron un importante nivel de sintonía co alumnado e, en particu-

lar, cos que actuaban como conselleiros estudantís que con bastante frecuencia me perseguían no Decanato e que me toleaban a cabeza coas súas reivindicacións –e deixádeme lembrar con cariño a algún destes conselleiros, como Dolores Villarino, a actual presidenta do Parlamento–. Aínda que, non nos imos enganar, tamén creo que esas mesmas circunstancias de aberta sintonía deberon contribuír de forma decisiva a que as tensións co “poder” constituído foran pouco a pouco tomando cada vez máis corpo ata facerse, como xa dixen antes, insoportables. E é que nunca chove a gusto de todos!

E nada máis. Moitas grazas a todos pola vosa paciencia e pola vosa atención.